

SUBSTANCIAS DE EFECTO HORMONAL



SUBSTANCIAS DE EFECTO HORMONAL

1.- O QUE VOSTEDE TEN QUE CUMPRIR

REQUISITO 1.- Non administrar aos animais da explotación substancias de uso restrinxido que teñan acción tirostática, estroxénica, androxénica ou xestaxénica (acción hormonal ou tirostática) e beta-agonistas, salvo as excepcións contempladas nos artigos 4 e 5 da Directiva 96/22/CE.

REQUISITO 2: Non posuír animais aos que se lles administrase as substancias anteriores (salvo as excepcións contempladas nos artigos 4 e 5 da Directiva 96/22/CE) e non se comercializan animais (nin os seus produtos derivados) aos que se lles subministrou estas substancias ata transcorrer o prazo mínimo de espera establecido para a substancia administrada.

REQUISITO 3: Non dispor de medicamentos para uso veterinario que conteñan beta-agonistas que poidan utilizarse para inducir a tocólise.

REQUISITO 4: En caso de administrar produtos autorizados, respectar o prazo de espera prescrito para ditos produtos, para comercializar os animais ou a súa carne.

Normativa Comunitaria de referencia (segundo Regulamento (CE) 73/2009)	Normativa Nacional de referencia (segundo o Real Decreto 486/2009)
<ul style="list-style-type: none">- Directiva 96/22/CE pola que se prohibe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tirostático e sustancias β-agonistas na cría de gando e pola que se derogan as Directivas 81/202/CEE, 88/146/CEE e 88/299/CEE.- Artigo 3, apartados a), b), d) e e).- Artigo 4- Artigo 5- Artigo 7	<p>Real Decreto 2178/2004, polo que se prohibe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático e sustancias beta-agonistas de uso na cría de gando.</p>


2.- PARA CUMPRIR ESTAS OBRIGAS, VOSTEDE DEBERÁ

1. Non posuír na explotación, nin administrar aos animais cuxa carne e produtos estean destinados ao consumo humano, salvo nos casos excepcionais autorizados e xustificados, produtos hormonais prohibidos que conteñan as seguintes substancias:
 - Tireostáticos
 - Estilbenos e derivados.
 - 17- β -estradiol ou os seus derivados de tipo éster.
 - β -agonistas
 - Substancias de efecto estroxénico, androxénico ou xestáxeno
2. Non ter na explotación, nin sacrificar para o consumo humano, animais aos que se lles subministrara as substancias mencionadas, salvo que os ditos animais foran tratados segundo as excepcións autorizadas.
3. Non vender para consumo humano a carne ou produtos de animais aos que se lles administrara calquera destas substancias.
4. Poderá tratar aos animais con medicamentos autorizados que conteñan testosterona, proxesterona, trembolona alilo e substancias β -agonistas, exclusivamente con **fins terapéuticos** (trastornos da fecundidade, inhibir as contraccións do útero para evitar partos prematuros, problemas respiratorios), sempre en forma de inxeccións e administrados directamente polo veterinario. Excepcionalmente, para o tratamento da disfunción ovárica o veterinario poderá usar espirais vaxinais, e a trembolona alilo poderá utilizarse vía oral.
5. Tamén poderá administrar aos animais, só con **fins zootécnicos** (sincronización do ciclo estral e preparación das donantes e das receptoras para a implantación de embrións), e baixo a responsabilidade do veterinario, aínda que este non o faga directamente, medicamentos veterinarios autorizados de efecto estroxénico, androxénico ou xestáxeno. Neste caso, o veterinario expedirá a correspondente receita.
6. Non administrar tratamentos terapéuticos ou zootécnicos dos indicados a animais de cebo e, no

SUBSTANCIAS DE EFECTO HORMONAL

caso de animais de reprodución ao final da súa vida fértil, durante o seu período de engorde.

7. En caso necesario, adquirir os medicamentos exclusivamente en establecementos autorizados, e coas correspondentes receitas.
8. Posuír un rexistro de tratamentos aplicados aos animais, cuberto polo veterinario da explotación, no que consten os seguintes datos:
 - Natureza do tratamento
 - Natureza dos produtos autorizados
 - Data do tratamento
 - Identidade dos animais tratados
9. Poñer á disposición dos Servizos Veterinarios Oficiais o rexistro de tratamentos, cando o soliciten.
10. Gardar as copias das receitas que lle expedira o veterinario.
11. No caso de tratamentos con medicamentos veterinarios autorizados realizados polo veterinario, ou baixo a súa supervisión, comercializar os animais só cando se respectara o tempo de espera necesario antes do seu sacrificio.
12. Seguir en todo momento as indicacións e prescricións do veterinario.





3.- LEMBRE QUE:


No caso de que vostede non cumpra con algunha das obrigas da condicionalidade ou se non colaborara cos inspectores da Consellería do Medio Rural e do Mar, poden reducirse ou mesmo anularse as axudas da PAC que percibe.

INFORMACIÓN ADICIONAL

No caso de necesitar máis información respecto á Condicionalidade, pode solicitala nas Oficinas Agrarias Comarcais ou nos Servizos Provinciais de Gandería da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Tamén dispón de información sobre a condicionalidade en http://www.medioruralemar.xunta.es/nc/es/fogga/politica_agraria_comun/condicionalidad/ ou na Oficina Agraria Virtual (<http://emediorural.xunta.es/oav>)

SUBSTANCIAS DE EFECTO HORMONAL



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR